

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

A MAN

[Información](#)
precisa para ter á
vista: farmacias de
garda, teléfonos e
enderezos de
interese, etc

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
compostelás ou
que falan sobre
Compostela.

O II SIMPOSIO O LIBRO E A LECTURA CELÉBRASE O 3 E 4 DE NOVIEMBRE

As editoriais galegas dialogan sobre novas tecnoloxías

[02/11/2005 11:11] O encontro, que organiza a [Asociación Galega de Editores](#) co patrocinio de [CEDRO](#) e a colaboración do [Consello da Cultura](#) pretende reunir a expertos e profesionais vinculados co sector do libro e das novas tecnoloxías para coñecer de primeira man cales son os retos de futuro da industria editorial, como inciden as novas tecnoloxías no desenvolvemento do sector e que incidencia teñen na edición en lingua galega. As innovacións tecnolóxicas marcan posibles camiños para o libro e para a creación cultural, e abren novas posibilidades de futuro nun sector en crise.



O Simposio estrutúrase en dúas xornadas cun formato que se pretende dinámico e participativo, con tres conferencias por día e catro mesas redondas, nas que se reservará tempo para o debate en cada un dos actos.

Logo de media hora para recoller documentación, ás 10:00, comezará a sesión inaugural, na que intervirán o presidente da AGE, Miguel Anxo Fernán Vello, o do Consello da Cultura, Alfonso Zulueta de Haz, e a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo.

Ás 10:30 terá lugar a primeira conferencia, "Libros e bitios", a cargo do editor catalán [José Antonio Millán](#), un dos máis representativos persoeiros do Estado no campo da edición dixital. Logo de quince minutos para o café, ás 11:45, terá lugar a mesa redonda: "O futuro da edición e as novas tecnoloxías", na que participarán a documentalista [Catuxa Seoane](#), [Juan Blanco Valdés](#), do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, Manuel Gago, editor de [culturaagalega.org](#), e Jacobo Bermejo, da imprenta [Tórculo](#).

A xornada da mañá rematará ás 14:00, logo da conferencia "A edición dixital baixo demanda", por parte de Joan Badía Solé, de [Xerox España](#).

Ás 16:30 é o turno de José María Barandiarán, consultor vasco, con "Novas tecnoloxías e sector do libro: da subvención ao investimento." Logo dunha pausa, ás 18:00 comezará a mesa redonda "Novas tecnoloxías, edición en lingua galega e aplicacións educativas", na que participan Diego Vázquez Rey, de [Imaxin Software](#), María Gómez Bravo, de [Galinus](#), Carme García Mateo, do [Grupo de Tecnoloxías do Sinal](#), da Universidade de Vigo, e Manuel Martínez Barreiro, de [Acordar](#). Ás 19:30 proxectarase o documental [Ánxel Casal: a luz impresa](#), de Xan Leira. deste xeito, a primeira xornada rematará ás 20:45.

A segunda sesión de mañá inaugúrase ás 10:00 coa intervención de [Rogerio Santos](#), da Universidade Católica de Lisboa: "As Industrias Culturais e as novas tecnoloxías." Despois da pausa, ás 11:30, comeza unha mesa redonda sobre "Presenza do libro galego na Internet", na que intervirán Laura Tato Fontaíña, da [Biblioteca Virtual da Universidade da Coruña](#), o escritor [Santiago Jaureguizar](#), Xaime Nogueira, da Librería [Andel](#), de Vigo, e o profesor chantadino Manuel Figueiras, promotor do portal educativo [Filix](#). Ás 13:00, a conferencia "Os dereitos de autor e as novas tecnoloxías", de Leovigildo García Bobadilla, da Universidade Complutense de Madrid, achegarase as novas posibilidades que oferta a Rede coma xeito de democratizar a cultura. Iniciativas coma [Copyleft](#), de Creative Commons, preservan certos dereitos de autor sen restrinxir a liberdade de información.

Por último, na sesión da tarde, a mesa redonda "Os blos e a creación cultural" aborda a potencialidade das [páxinas persoais](#) coma xeito de difundir a autoedición na Rede. Participan os escritores [Francisco Castro](#) e [Uxia Casal](#), o físico Óscar Sánchez e os xornalistas [Xavier Cid](#) e [María Yáñez](#) (xornalista).

Despois dunha pausa, o escritor Manuel Rivas dará a conferencia de clausura, e, coa entrega dos certificados de asistencia, ás 19:30, concluirá o Simposio.

Hai xa noventa persoas matriculadas, sobre todo do ámbito da biblioteconomía e documentación, filoloxía e edición, e máis o alumnado do [mestrado](#) de edición.

Documentos anexos:

- ❑ [Programa](#)
- ❑ [Ficha de inscrición](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Incerteza no BNG compostelán despois do fracaso da lista "oficial"](#)
- ❑ [Compostela promocionará a "cociña atlántica"](#)
- ❑ [Preséntase o Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego](#)
- ❑ [Concentración contra o terrorismo](#)
- ❑ [Un policía de Santiago fai público o expediente dun cidadán](#)
- ❑ [A Unión Europea estudará o caso das Cancelas](#)
- ❑ [Cultura tradicional e desenvolvemento rural: o noso patrimonio](#)
- ❑ [Jon Lee Anderson: "A información é o 50% das guerras"](#)
- ❑ [O mural da Gentalha do Pichel en Santa Clara pervive baixo capas de pintura](#)
- ❑ [Este sábado, comercio diferente en Compostela](#)

© Vieiros